



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Para este curso escolar están convocadas eleccións aos consellos escolares. Trátase dunha renovación parcial na que hai que escoller a dous profesores, tres pais ou nais e un membro do sector de servizos. Tódolos membros elixidos terán vixente a súa representación ata novembro de 2028, agás o terceiro representante das familias que, por ser vacante da última renovación parcial, rematará a súa vixencia en novembro de 2026.

O primeiro paso de todo o proceso consiste na elección, por sorteo público, das persoas que integrarán a Xunta Electoral. Ademais do director do centro teñen que formar parte desta Xunta Electoral un pai ou nai, un docente e un membro do persoal de servizos.

Esta Xunta Electoral será a encargada de organizar e supervisar o procedemento de elección.

Sorteo para elección de membros da Xunta Electoral

Comunícase que o devandito sorteo público levarase a cabo o vindeiro xoves, día 17 de outubro ás 11:45 horas na biblioteca do centro.

Asados (Rianxo), 11 de outubro de 2024

O director,

José Rodríguez Rial